



## DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense 14 de agosto de 2017

Visto o informe-proposta elaborado polo Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (Decreto nº 2017002712 de 18/04/2017), de data 09 de agosto, refrendado polo Sr. Concelleiro Delegado de Facenda (Decreto nº 2017005215 de 04/08/2017), en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de crédito feita pola Concellería de Emprego e Promoción Económica, mediante providencia de data 11 de agosto, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o artigo 16º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

### 1.- Aprobar a modificación orzamentaria 19-X/2017, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS		
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
N230.2412.13100	Persoal lab. prog. fom. emp. e inserc. laboral	7.246,70 €
N230.2410.16000	Cuota patronal S. Soc. Fomento do emprego	2.373,30 €
TOTAL.....		9.620,00 €

ORIXE DOS FONDOS		
CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
45014	Subv. Xunta persoal socorrismo e vixilancia zonas termas	9.620,00€
TOTAL.....		9.620,00 €

### 2.- Crear o seguinte proxecto específico de gasto:

**Código:** 17.2.23.01

**Título:** Servizo de Socorrismo e Vixilancia das Zonas Termas 2017

**Importe:** 9.865,00 €

**Período de execución:** 2017

#### Aplicacións orzamentarias de gasto:

N230.2412.13100 Persoal lab. prog. fom. emp. e inserc. laboral 7.491,70 €

N230.2410.16000 Cuota patronal S. Soc. Fomento do emprego 2.373,30 €

#### Financiación:

Subv. Xunta persoal socorrismo e vixilancia zonas termas (concepto ingresos 45014): 9.620,00 €

Concello de Ourense (recursos propios): 245,00 €

**Axente:** Xunta de Galicia (S1511001H) : 9.620,00 €

**Vinculación:** Cualitativa e cuantitativa

### 3.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Sr. Terceiro Tenente Alcalde no exercicio das funcións da Alcaldía en virtude do decreto núm. 2017005209 do 04.08.2017, do que eu, Oficial Maior, dou fe.

O terceiro tenente de alcalde  
(P:D. Decreto núm. 2017005209 do 04.08.2017)  
José Araujo Fernández